

PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO CURSO 2019-2020.

ESO E 1º BAC

As respectivas xuntas de avaliación decidirán, de xeito colexiado, sempre en función do grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles, sobre a promoción e titulación do alumnado respectivo, atendendo ás seguintes consideracións:

1. Promocionará todo o alumnado que xa tiña sido cualificado positivamente en todas as materias nas dúas primeiras avaliacións e polo tanto cumpría as condicións para facelo antes do comezo do Estado de Alarma.
2. Promocionará o alumnado que teña recuperado esas dúas avaliacións durante o período do confinamento a través das tarefas propostas polo profesorado.
3. O resto do alumnado, con carácter xeral, tamén promocionará ao nivel ou curso seguinte, salvo aquel que non superara as tarefas de recuperación dunha ou das dúas primeiras avaliacións e o mesmo tempo non teña seguido as actividades telemáticas a partir da data en que o centro ten a certeza de que dispón dos medios adecuados para seguilas.
4. A promoción do alumnado non implica a superación das materias suspensas. No caso dos alumnos/as que promocionen con materias suspensas, no informe que se elabore, figurarán propostos para seren incluídos nos plans de recuperación que se deseñen para o curso 2020-2021.
5. O instituto tamén contemplará de cara ao vindeiro curso, atendendo aos informes individuais elaborados para tal fin, actividades de atención á diversidade para aqueles alumnos/as que aínda coa materia superada precisen deste tipo de atención.
6. Para o alumnado de 4º ESO, a titulación de Graduado farase seguindo os mesmos criterios.
7. Mantense as dúas convocatorias, xuño e setembro, e aplicáranse os mesmos criterios en ambas.

2º BAC

1. O alumnado titulará se ten todas as materias aprobadas.
2. Con carácter excepcional, flexibilizaranse estas condicións, sen ter en conta a limitación das materias suspensas, sempre e cando a xuízo do equipo docente teña adquiridos os obxectivos e competencias correspondentes á etapa e teña seguido de xeito apropiado as actividades telemáticas desenvolvidas no terceiro trimestre. Esas materias suspensas figurarán no expediente do/a alumno/a.
3. A titulación poderá obterse tanto na convocatoria ordinaria coma na extraordinaria.